

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

## **BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE MUSEO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN E ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA O MESMO POSTO DURANTE DOUS ANOS.**

### **1.-OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é regular a elaboración dunha listaxe para a contratación dun/ha técnico/a de museo para o Concello.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado, a xornada parcial (vinte e unha horas semanais), durante dous meses, condicionando o contrato á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través das bases do programa publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 do 30 de decembro de 2016 e da resolución da concesión definitiva publicada no número 181 do 22 de setembro de 2017.

### **2.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS**

2.1.- Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

2.2.- Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.

b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

d) Estar en posesión da titulación de licenciatura, grao universitario ou equivalente ou estar en condicións de obtelo ao rematar o prazo de presentación de solicitudes nas seguintes materias: historia, historia da arte, arqueoloxía, belas artes, ciencias da cultura e difusión cultural e arquitectura.

e) posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto.

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou de xeito inicial, provisional e definitivo (ambos) on talante documento o día 06 de 10 de 2017  
O SECRETARIO

(1 de 8)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

### 3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado o correspondente anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello ([www.carral.es](http://www.carral.es)) iniciarase o prazo para a presentación de solicitudes que será de **CINCO DÍAS NATURAIS**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e nas oficinas municipais as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, deberase remitir copia da solicitude ao fax do Concello (981672282) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes para ter constancia das persoas interesadas no procedemento.

A selección realizarase mediante o **sistema de concurso**, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, **e dunha entrevista de carácter profesional**.

Ao rematar o proceso selectivo confeccionarase unha relación coa puntuación acadada, en orde descendente, sendo o contratado o de maior puntuación. **A lista coa totalidade dos/as presentados/as e puntuación acadada quedará para poder ser utilizada, ao longo de dous anos, como reserva (sempre respectando a orde da lista)**, para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de técnico de museo deste Concello. Cando un dos aspirantes incluídos na listaxe fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para unha nova contratación.

### 4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases (anexo I) e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres así como por calquera dos medios que establece o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:


- Copia compulsada polo Concello de Carral ou notario do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Anexo II. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



EXENCIA: Para facer constar cun Alcalde/A/Alcaid/a  
robu de esta. Inclúese provisorio definitivo  
completa. Foras a documento e día de 10 de 2011

(2 de 8)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

c) Copia compulsada polo Concello de Carral ou notario de título académico nalgunha das materias recollidas no punto 2.2.d) destas bases.

d) Contratos de traballo acompañados de informe de vida laboral

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

### 5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS: (10 puntos)

5.1.- Experiencia profesional: (4 puntos)

- a) servizos prestados na Administración Pública no mesmo posto de traballo ou categoría laboral: 0,10 puntos por mes completo de traballo.
- b) servizos prestados en centros, entidades ou empresas no mesmo posto de traballo ou categoría laboral: 0,05 puntos por mes completo de traballo.

Para estes efectos, o mes completo de traballo terá unha duración de trinta días a xornada completa.

A experiencia laboral acreditarase coa presentación de fotocopia compulsada ante notario ou polo Concello de Carral dos contratos de traballo acompañados da vida laboral. No caso dos servizos prestados nas Administracións Públicas, a experiencia poderase acreditar mediante certificación de servizos prestados sempre que se especifique a duración, categoría profesional, xornada laboral, etc. O informe da vida laboral debe estar actualizado.

5.2.- Experiencia académica e de especialización: (3 puntos)

1) titulación académica de pos grao, ata un máximo de 1,5 puntos:

- a) título de máster universitario ou equivalente en historia, historia da arte, arqueoloxía, belas artes, ciencias da cultura e difusión cultural: 0,75 puntos.
- b) título de doutoramento ou equivalente en historia, historia da arte, arqueoloxía, belas artes, ciencias da cultura e difusión cultural: 0,75 puntos.

2) cursos realizados sobre materias relacionadas co patrimonio cultural, a museoloxía ou a xestión cultural, ata un máximo de 1,5 puntos, segundo se indica:


- a) Cursos de máis de 201 horas: 0,50 puntos
- b) Cursos de 101 a 200 horas: 0,40 puntos
- c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,30 puntos
- d) Cursos de 41 a 70 horas: 0,20 puntos
- e) Cursos de 15 a 40 horas: 0,10 puntos



Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado con aproveitamento o curso, ben sexa a través dun exemplar orixinal ou mediante copia compulsada por Notario ou

aprobo de este documento o día 06 de 10 de 2015  
O SEGREARIO

(3 de 8)



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

polo Concello de Carral de informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso, de orixinal ou copia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral de certificado, ou de copia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera das tres xustificacións é válida).

5.3.- Coñecemento do idioma galego, ata un máximo de 1 punto:

- celga 4: 1 punto
- celga 3: 0,5 puntos

As persoas que contén co certificado de lingua galega, nivel 3 e 4, só se terá en consideración na valoración o nivel 4.

5.4 Entrevista profesional: (2 puntos)

Realizarase unha entrevista profesional a cada unha das persoas aspirantes, de carácter obrigatorio, onde se valorará a especial aptitude e coñecemento do medio para as tarefas pretendidas.

### 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Terá a seguinte composición:

Presidenta: dona Sonia Campos Ares, funcionaria de carreira, técnica xurídica do Concello e responsable do departamento de Persoal.

Suplente: dona Amalia M<sup>a</sup> Seijas Seoane, funcionaria de carreira, tesoureira accidental do Concello.

Secretario: don Diego García Doval, funcionario de carreira, secretario municipal.

Suplente: dona Noemí González Mato, funcionaria de carreira, interventora municipal.

Vogais: don Carlos E. Lorenzo Pérez, técnico de Cultura e Deportes do Concello.  
dona Isabel Geremías Lousa, persoal laboral fixo, departamento de Cultura.

Suplentes: dona M<sup>a</sup> Dolores Pinilla López, funcionaria de carreira, departamento de Persoal.  
dona Beatriz Cabanas Lozano, técnica de Educación do Concello

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade convocante. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

DILIXENCIA: Base de datos de datos de carácter público (XGL/Pens) aprobada definitivamente o 06 de 10 de 2017  
SECRETARÍA MUNICIPAL  
CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA)  
(4 de 8)

ALCALDÍA 4  
CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA)



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

sesión.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

### 7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requerida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar á alcaldía unha vez rematado o prazo de solicitudes de instancias.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro e na web do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou subsanacións nos termos establecidos no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase o lugar, a hora e a data da celebración da entrevista profesional.

Previamente, os membros do tribunal reuniranse para valorar a documentación presentada coa instancia para participar no presente procedemento. A valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na entrevista profesional conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións.

Finalmente, o alcalde ou órgano delegado resolverá a contratación da persoa que maior puntuación acadese nesta selección.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.carral.es](http://www.carral.es)).

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña coma inscrita no Servizo Público de Emprego.

### 8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/A candidato/a proposto/a para ocupar o posto deberá presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta de desemprego.

DILIXENCIA para a... que Alcalde/Aldia...  
aprobou... o día 06 de 10 de 2015

(5 de 8)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

- Copia compulsada da tarxeta da seguridade social
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

### 9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a .

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, os aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.

O período de proba que se establecerá no contrato será o máximo legal, sendo motivo de extinción do contrato o non superalo. A partir da sinatura do contrato o traballador recibirá ao mes a cantidade total de 1.545,83€ (1.325€ en concepto de salario bruto e 220,83€ pola parte proporcional mensual da paga extra).

### 9.- NORMA FINAL

Contra a resolución que aproba estas bases, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria ou ben previamente e con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que estimen procedente.

Carral, 25 de setembro de 2017


O alcalde

José Luís Fernández Mourino

DILIXENCIA: Por haberse constatado que Alcaldía/XCL/Pleno aprobou de forma definitiva o contrato definitivo de traballo a tempo parcial o día 06 de 10 de 2017

SECRETARÍA

(6 de 8)



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº.....  
con enderezo na R/.....nº.....piso.....  
C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado **dun/ha traballador/a para o departamento de Cultura (con categoría profesional de técnico/a de museo, durante dous meses, a tempo parcial, 21 horas/semana)**

#### DECLARO:

1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria, sen obxección algunha con respecto ás mesmas.

2º.- Solicito ser admitido/a no referido procedemento e comprométome a someterme ás bases que o regulan, achegando con esta solicitude unha relación de documentos que se une a este anexo.

Carral , de de 2017

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARRAL .-

DILIXENCIA para fins de contratación Alcaldía Carral  
Código de expediente: 06 10 17  
7 de 81





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº....., con enderezo  
na R/.....núm..... piso.....  
C.P..... Localidade..... Municipio.....  
Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que cumpro todos os requisitos mínimos esixidos para participar na convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado **dun/ha traballador/a para o departamento de Cultura (con categoría profesional de técnico/a de museo, durante dous meses, a tempo parcial, 21 horas/semana)** e que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.

Carral,.....de..... .....2017

Asdo:.....

